



.....

XXVII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Lingua en acción: pasado, presente e futuro dos equipos e servizos de normalización lingüística (EDLG e SNL)

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
21 de outubro de 2025



Despois de máis de 30 anos de funcionamento dos Equipos e Servizos de normalización lingüística, consideramos urxente facer balance e reflexionar, máis aínda cando percibimos importantes doses de desmotivación entre os seus integrantes.

A súa importancia no proceso de revitalización da nosa lingua é indiscutible. No caso dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega, porque precisamente o sistema educativo constituíu un dos principais focos do proceso de normalización lingüística levado a cabo en Galicia e, mesmo, un dos máis polémicos. No caso dos Servizos de Normalización Lingüística porque, ao dependeren na súa maioría da Administración local, a súa proximidade coa cidadanía os converte en axentes indispensables para un cambio de rumbo.

A súa longa traxectoria demanda unha análise profunda, unha ollada atrás que nos permita analizar a súa situación actual e, sobre todo, que nos convide a mirar ao futuro. Estas foron as principais preguntas que motivaron a XXVII edición dos Encontros: Cal é a situación actual? Como se chegou a ela? Que cómpre cambiar para afrontar unha nova etapa? Con este fin, elaboramos senllos cuestionarios, un para os servizos, que respondeu a práctica totalidade deles, e outro para os equipos, contestado por unha mostra representativa (420 centros educativos de toda Galicia).

Na primeira mesa presentaremos os principais resultados obtidos nestas enquisas, que xa nos darán pé a un debate de corte cualitativo na segunda mesa da mañá, dedicada aos servizos, e na primeira da tarde, referida aos equipos. Nelas, representantes de ambos os sectores debaterán sobre as fortalezas e debilidades, as ameazas e as oportunidades. Esta perspectiva completámola con outras dúas mesas, nas que convidamos a algúns dos seus protagonistas, para compartiren connosco exemplos de boas prácticas. Así, pecharemos a mañá coas boas prácticas dos servizos e a tarde coas dos equipos. Por último, contamos coa actuación especial de Regueifa Tour.

O noso obxectivo final é contribuír á reactivación destes dous axentes fundamentais para a recuperación da lingua galega.

Programa

Sesión da mañá

09:15 h
Inauguración

09:30 h
Relatorio
Análise da situación actual dos SNL da Administración pública galega e dos EDLG dos centros de ensino

- **Håkan Casares Berg**. Observatorio da Cultura Galega (CCG)
- **Ana Iglesias Álvarez**. Comisión Técnica do CDSG (CCG)

10:30 h
Mesa coloquio
Pasado con pegada e futuro en construción: o traballo dos servizos de normalización lingüística (SNL)

- **Beatriz Bascoi Maceiras**. SNL do Concello de Ferrol
- **Manuel Núñez Singala**. SNL da Universidade de Santiago de Compostela
- **Carme Pereiro Felípez**. SNL do Concello de Carballo
- **Inma Seage Freire**. SNL dos concellos de Rois e Dodro

Coordina e modera: **Mónica Fernández Valencia**

12.00 h
Pausa

12:30 h
Mesa de traballo
Boas prácticas no traballo dos servizos de normalización lingüística (SNL)

- **Marta Besada Otero**. Obradoiros de Acollemento Lingüístico e Proxecto Elos. Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago
- **Conchi Cochón Rodríguez**. *Proxectos colaborativos de Alingua*
- **Adela Pita Permuy**. *Proxectos Xera, Narón gaña co galego e Galego viaxeiro*. SNL do Concello de Narón
- **Gabino S. Vázquez Grandío**. *Modo Galego. Actívao!* Real Academia Galega e SNL do Concello de Ames

Coordina e modera: **Rosa Moreiras Cuñarro**

14:00 h
Peche da sesión da mañá

Programa

Sesión da tarde

16:00 h

Mesa coloquio

Entre o deber e o compromiso: 30 anos dos equipos de normalización nos centros de ensino

- **Xabier Camba Sanmartín**. IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez (A Estrada)

- **Mariña Lema Blanco**. CEIP Plurilingüe José Cornide Saavedra (A Coruña)

- **Xosé Ramón López Boullón**. Colexio Divino Maestro (Santiago)

- **Nel Vidal Barral**. CPI Plurilingüe O Cruce (Cerceda)

Coordina e modera: **David Cobas Medín**

17:30 h

Pausa

18:00 h

Mesa de traballo

Experiencias do alumnado integrante dos EDLG

- **Arcadio González Nóvoa e Julieta Pérez Luna**. Coordinador e alumna do EDLG do IES Plurilingüe Rafael Dieste (A Coruña). Participan en *Aquí tamén se fala* e *O Dépor é da Coruña*.

- **Óscar Iglesias Resúa**. Exalumno do EDLG do IES Félix Muriel (Rianxo). Participou activamente nos diferentes proxectos do equipo.

- **Diego Madarnás Iglesias**. Exalumno do EDLG do IES do Milladoiro (Ames). Participou nos proxectos *Club de Debate Alingua*, *Club de Lectura* e *Radio Escolar*.

- **Andrea Recarey Fernández**. Exalumna do EDLG do IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago). Participou no proxecto *21 días co galego*.

Coordina e modera: **Xaime Varela Sieiro**

19:00 h

Actuación de peche

Regueifa Tour

Presenta: **Manuel Maseda Deán**

19:30 h

Clausura

Organiza

Consello da Cultura Galega

Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CCG)

Colabora

Secretaría Xeral da Lingua

Comité organizador

Rosario Álvarez

Luz Castro Pena

David Cobas Medín

Mónica Fernández Valencia

Ana Iglesias Álvarez

Manuel Maseda Deán

Rosa Moreiras Cuñarro

Bernardo Penabade Rei

Rosario Pérez Magdalena

Bieito Silva Valdivia

Xaime Varela Sieiro

Lugar

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202

Inscripción

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organiza:



Colabora

